



Departamento de Fundamentos de composición

Programación de Harmonía de 3º e 4º GP

Curso 2022-2023

CMUS PROFESIONAL DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1, 32500 - O Carballiño (Ourense)

Tlfn.: 988 53 00 07 / Fax: 988 53 00 08

cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal

Índice

1. Introducción	3
2. Obxectivos xerais das ensinanzas	4
3. Obxectivos específicos da materia	5
4. Metodoloxía	6
5. Atención á diversidade	7
6. Temas transversais	8
6.1. Educación en valores	8
6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)	8
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	9
8. Secuenciación do curso	10
8.1. Curso: 3º Grao Profesional.....	10
8.1.1. Obxectivos	10
8.1.2. Contidos.....	11
8.1.3. Avaliación.....	16
8.1.4. Medidas de recuperación	21
8.1.5. Recursos didácticos	22
8.2. Curso: 4º Harmonía	23
8.2.1. Obxectivos	23
8.2.2. Contidos.....	24
8.2.3. Avaliación.....	29
8.2.4. Medidas de recuperación	33
8.2.5. Recursos didácticos	34
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	35
10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	35
11. Anexos	36
11.1. Proba de acceso 4º de grao profesional.....	36
11.2. Proba de acceso a 5º de grao profesional.....	37
11.3. Criterios para a obtención de matrícula de honra.....	38
11.4. Bibliografía da materia.....	38

1. Introducción

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de Fundamentos de Composición no Conservatorio Profesional de Música do Carballiño.

Corresponde a ensinanza da Harmonía o subministrar un coñecemento profundo do sistema tonal, así como a mecánica do funcionamento dos elementos que o compón. Por ser a esta materia a continuación da de Linguaxe Musical, é lóxico que os seus aspectos teóricos máis básicos estean xa incluídos nos estudos desta materia didáctica. Por outra parte, a práctica da entoación e o repertorio do instrumento estudado, así como a asistencia do alumno ás actividades musicais propias da súa contorna social, puxérono, sen dúbida, en contacto cunha práctica e un repertorio baseados no predominio case absoluto de músicas compostas con arranxo ó sistema tonal, prioritario na súa educación e na súa formación durante esta etapa dos estudos musicais.

Por outra banda, o coñecemento detallado e profundo do sistema tonal irá permitindo de xeito progresivo, ampliar a comprensión de determinadas ensinanzas, como a de Historia da Música, coas que a Harmonía terá que vencellarse, co fin de buscar a desexable complementariedade en canto á adquisición de coñecementos.

Ademais, haberá de fomentarse xa dende o comezo do estudo desta materia a propia capacidade creativa do alumno, é non só no concernente á composición íntegra de exercicios dentro dos supostos estilísticos estudados, senón incluso no referente a pequenas pezas libres, vocais ou instrumentais, a través das cales o alumno desenvolva a súa espontaneidade creativa e aprenda gradualmente a resolver os diversos problemas (referentes tanto á harmonía como á forma, a textura, os contrastes de todo tipo, etc.) que o feito musical vai xerando no seu crecemento.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuir a desenrolar no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenrolar os propios criterios interpretativos.
- b) Desenrolar a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis acomodados para o desenrolo persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o desfrute da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo ós conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural, prestando especial atención ao patrimonio musical galego.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.
- j) Coñecer e utilizar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da Música.
- k) Desenvolver hábitos de esforzo e responsabilidade no estudo, de iniciativa persoal e interese polo traballo ben feito.
- l) Valorar o traballo persoal con espírito crítico aceptando as críticas e o erro como parte do proceso da aprendizaxe.
- m) Comprender e utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) ao servizo da Música.

- n) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa Música a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- o) Valorar o control do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e empregar técnicas de aprendizaxe e adquirir hábitos de estudo que favorezan o desenvolvemento da capacidade analítica e un progresivo grao de autonomía.

3. Obxectivos específicos da materia

A ensinanza de Harmonía no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes en 3º e 4º de Grao Profesional:

- a) Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal, as súas características e funcións a través do estudo dos seus elementos morfolóxicos e sintácticos, co fin de poder acadar unha comprensión dos fundamentos da súa linguaxe.
- b) Desenvolver o pensamento científico na utilización dos distintos procedementos harmónicos.
- c) Utilizar nos traballos escritos de harmonización os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal estudados, co fin de adquirir unha comprensión práctica da linguaxe propia do sistema tonal.
- d) escoitar internamente a harmonía, tanto na realización de exercicios como na análise con vistas a acadar unha comprensión auditiva dos procedementos tonais estudados.
- e) Tocar esquemas harmónicos básicos no piano partindo da lectura de elementos escritos polo alumno, ou esquemas dados, que lle permitan familiarizarse cos diferentes procedementos harmónicos estudados.
- f) Desenvolver o oído interno tanto no análise como na realización de exercicios escritos.
- g) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- h) Identificar a través da audición os acordes e procedementos tonais estudados,

que faciliten a relación entre aquilo que se estuda e se escribe co resultado sonoro que se produce.

- i) Identificar a través da análise de fragmentos ou pequenas obras os acordes e procedementos tonais estudados, relacionando o súa utilización coas harmonizacións propias.
- j) Comprender, a través da audición e da análise, a interrelación dos procesos harmónicos coa organización formal da frase musical, para acadar un coñecemento básico da importancia da harmonía tonal como elemento vertebrador da forma.
- k) Ser crítico fronte á escasa calidade harmónica que se puidese presentar, tanto en música propia como allea, propondo alternativas ás deficiencias observadas, co fin de ter unha visión obxectiva do feito musical.
- l) Analizar comparativamente en obras musicais de diferentes estilos, os recursos harmónicos utilizados dende a época pre-tonal ata a actualidade.
- m) Coñecer os principais recursos harmónicos, sintácticos e morfolóxicos utilizados na música do século XX, para comprender a súa evolución dende o sistema tonal.

4. Metodoloxía

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema tonal, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos.
- Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas.

Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura.
- Maior musicalidade nas liñas melódicas.
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da tonalidade.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada.
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación.
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Mostra da utilidade do aprendido.
- A orientación educativa.

Dado que é posible que no grupo de alumnado exista algunha persoa con necesidades educativas especiais, debemos de considerar na nosa proposta a dita circunstancia, a través da concepción aberta e flexible da nosa programación didáctica.

Probablemente sexa necesario concertar co alumno algunha clase de reforzo en horarios de titorías ou facilitarlle esquemas alternativos dos contidos. Tamén se contempla a posibilidade de adaptar contidos e actividades ás necesidades especiais que requira cada caso.

5. Atención á diversidade

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de Harmonía; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade, etc.

Por estas razóns no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado, poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

No caso do alumnado non pianista deberá realizar un esforzo para conseguir tocar, como mínimo os seus traballos, tendo en conta o nivel acadado nos estudos de Piano Complementario.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen prexudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo. Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario. Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante as titorías.

6. Temas transversais

6.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas có fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas á aula; temas como a igualdade de oportunidades para ambos sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso có medio ambiente ou, educación para a paz...poderán ser incorporados na aula.

6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá, é cada día mais patente polo que, o estudo da música nos conservatorios aínda que na maioría dos casos cinguese á práctica interpretativa empregando instrumentos

tradicionais, o uso das TICs pódense empregar có fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia, xa non é unha novidade, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso na aula, para a exemplificación con obras que utilizan o mesmo material harmónico que o utilizado na aula así como explorar diferentes posibilidades de harmonización dun mesmo elemento, etc.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas como videocámaras, gravadoras, tablets, móbiles, etc., permite analizar na aula diferentes harmonizacións así como a súa interpretación, permitindo isto un maior grao de obxectividade e percepción de si mesmo de cada alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula, no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes.

As plataformas de almacenamento como Dropbox e Google Drive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos e así estes, poderán ser supervisados polo docente. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade, especialmente á hora de recompilar información interesante para a materia que se imparte.

O uso de tódolos materiais relacionados coas TICs empregadas na aula, deben respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Ao longo do curso faranse actividades coordinadas co resto do profesorado de outras materias e departamentos se é posible. As datas exactas se concretarán ao longo do curso.

Pódense realizar traballos en grupo sobre autores, instrumentos, estilos musicais, etc. para incidir nos elementos e procedementos propios da materia, como

na educación en valores, o desenvolvemento das T.I.C. e o fomento da lectura, tratando de que utilicen unha correcta expresión oral (sen esquecerse nunca do exemplo que ten que dar o profesor, en tódolos sentidos e en todo momento).

Outras actividades complementarias moi positivas poden ser: (utilizando os medios audiovisuais para a proxección ou audición) visionar ou escoitar músicas de diferentes épocas, estilos, e así o alumno sacará as súas propias conclusións sobre cada época e o estilo musical (por suposto que se poden, e deben, escoitar outras músicas, procurando sempre que teñan unha mínima calidade).

Na medida do posible (en función da dotación do centro), tamén se poden utilizar as novas tecnoloxías aplicadas á materia, tales como os programas de edición de partituras.

8. Secuenciación do curso

8.1. Curso: 3º Grao Profesional

8.1.1. Obxectivos

- a) *Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.* Para acadar este obxectivo hai que ter en conta que o alumnado parte de coñecementos xa desenvolvidos na materia de linguaxe musical. Coa harmonía afondamos nestes contidos e introducimos o seu estudo dende unha perspectiva histórica, empregando a análise de obras.
- b) *Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.*
- c) *Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.* Para acadar este obxectivo o alumnado de harmonía non se pode limitar a realizar só exercicios escritos, senón que debe de ser capaz de saber como soarán para poder elixir entre as opcións das que dispón.
- d) *Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.*
- e) *Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos mais*

comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas. Neste curso de harmonía levarase a cabo unha primeira aproximación á análise musical de obras, fragmentos de obras ou incluso exercicios. Nesta análise tratarase de identificar os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e así, axudar á súa interiorización.

- f) *Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.* Trátase neste obxectivo de chegar a comprender a evolución e interrelación constante ao longo da historia da música entre a forma musical e a harmonía. O alumnado comprenderá esta relación a través da realización de análises e audicións de obras musicais de diferentes períodos da historia da música.
- g) *Aprender a valorar a calidade da música.* O estudo desta materia, sobre todo a través da análise e audición de obras de distintos estilos, descubrirá ao alumnado a grande riqueza harmónica que encerran, contribuíndo a formar o seu espírito crítico.
- h) *Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.*
- i) *Tocar esquemas básicos no piano.* A execución ao piano dos acordes e os seus enlaces, así como dos procedementos estudados durante o curso, levarán ao alumnado a interiorizar a súa sonoridade e, por tanto, a desenvolver o oído interno.
- j) *Tocar os traballos realizados no piano.* Seguindo a mesma liña que o anterior obxectivo, o alumnado deberá interpretar as harmonizacións realizadas no piano e así ter unha idea real da súa sonoridade con vistas a mellorar a musicalidade dos traballos realizados.

8.1.2. Contidos

1º TRIMESTRE

- Introdución:
 - Intervalos e tonalidade

- Consonancia e disonancia
- Harmonía e Contrapunto
- Concepto de sucesión e simultaneidade
- Tonalidade e modalidade
- O acorde:
 - O acorde e a súa constitución
 - Teoría tradicional sobre a formación de acordes
 - Clasificación dos acordes tríadas. Posición e disposición
 - Formación e clasificación nas escalas maior natural e menor harmónica.
 - Estados do acorde: estado fundamental e o seu cifrado en modo maior e modo menor do acorde. Intervalos harmónicos
 - consonantes e disonantes. O cifrado dos acordes. Funcións tonais. Disposición, duplicacións, supresións e cifrado.
 - Os unísonos
- Enlace de acordes:
 - Realización da harmonía. Principios xerais. Escritura a catro partes reais. Voces ou partes harmónicas. Principios xerais de condución de voces. Duplicacións e Supresións. Movemento conxunto e disxunto. Movemento melódico e harmónico.
 - Regras de enlace. Quintas, unísonos e oitavas directas e sucesivas. Falsa relación de tritono. Superposición e cruzamento.
 - Encadeamentos en estado fundamental: a súa mecánica e expresividade.
 - Tratamento da sensible
- O ritmo harmónico:
 - Textura rítmica. Ritmo harmónico e melódico. Indicacións dinámicas.
- Cadencias:

- Cadencias nas que interveñen os acordes tríadas. Cadencia auténtica. Cadencias
- Perfectas e imperfectas. A semicadencia. A cadencia plagal. A cadencia rota.
- Procesos cadenciais.
- O acorde de 5ª diminuída:
 - A súa constitución, duplicacións, cifrado e resolución en estado fundamental.
- Notas estrañas ao acorde:
 - Emprego de notas de paso e floreos.
- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:
 - *Exercicios:* Ó longo do trimestre realizaranse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e triples ou cantos dados), propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente ,na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar os realizados na clase.
 - *Práctica auditiva e instrumental:* Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
 - *Análise de obras:* Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical

2º TRIMESTRE

- Acordes tríadas en primeira inversión:
 - O acorde en primeira inversión ou acorde de sexta: constitución e disposición. Duplicacións, supresións e cifrado.
 - A serie de sextas.
- Acordes tríadas en segunda inversión:
 - O acorde en segunda inversión ou acorde de cuarta e sexta: constitución e disposición do acorde. Duplicacións, supresións e cifrado. Clasificacións do acorde de cuarta e sexta: cadencial, de paso e de

floreo. Preparación e resolución da cuarta.

- Acorde de 5ª d e de 5ª A:
 - Particularidades dos acordes de 5ª diminuída (1ª e 2ª inversión), e de 5ª aumentada: constitución e disposición dos acordes, Duplicacións, supresións e cifrado.
 - Particularidades dos encadeamentos dos acordes de 5ª diminuída e de 5ª aumentada.
- Encadeamentos dos acordes en 1ª e 2ª inversión:
 - Cambios na disposición dos acordes: cambios de estado e de posición.
 - Encadeamentos en primeira inversión: a súa mecánica e expresividade.
 - Encadeamentos en segunda inversión: a súa mecánica e expresividade.
 - Características harmónicas dos distintos estados dos acordes e dos seus enlaces.
- A tonalidade e as funcións tonais:
 - O modo maior e menor. Peculiaridades do modo menor. Funcións tonais de cada grao.
- O ritmo harmónico:
 - Textura rítmica. Ritmo harmónico e melódico. Indicacións dinámicas.
- Cadencias:
 - Cadencias nas que interveñen os acordes tríadas e de sétima de dominante: a cadencia auténtica. Cadencias perfectas e imperfectas. A semicadencia. A cadencia plagal. A cadencia rota.
- Procesos cadenciais
- Notas estrañas ao acorde:
 - Emprego de notas de paso, floreos, retardos.
- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:
 - *Exercicios:* Ó longo do trimestre realizaranse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e tiple ou cantos dados), propostos polo profesorado

baseados nos contidos expostos anteriormente na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar os realizados na clase.

- *Práctica auditiva e instrumental*: Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
- *Análise de obras*: Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.

3º TRIMESTRE

- O acorde de sétima de dominante:
 - Constitución, estados e disposición do acorde. Resolución principal. Duplicación, supresións e cifrado. O acorde de sétima de dominante nas harmonizacións. Estado fundamental e inversións.
- O acorde de sétima sobre todos os graos da escala:
 - A súa constitución. Estados do acorde. Resolucións da disonancia: natural e excepcional. Duplicacións, supresións e cifrado. Función tonal dos distintos acordes de sétima. Intervalos harmónicos consoantes e disonantes.
- A tonalidade e as funcións tonais:
 - O modo maior e menor. Peculiaridades do modo menor. Funcións tonais de cada grao. A harmonía de tónica, de dominante e de subdominante. Cambio de modo. A terceira de picardía. O principio de dominante secundaria.
 - Cromatismo e tonalidade.
- O ritmo harmónico:
 - Textura rítmica. Ritmo harmónico e melódico. Indicacións dinámicas.
- Cadencias:
 - Cadencias nas que interveñen os acordes tríadas e de sétima de dominante: a cadencia auténtica. Cadencias perfectas e imperfectas. A semicadencia. A cadencia plagal. A cadencia rota.

- Procesos cadenciais
- Progresións unitónicas:
 - o Xeneralidades. O modelo. Realización. Extensión da progresión. Emprego. O ritmo harmónico na progresión. Grao de transposición. A progresión na harmonización dos acordes tríadas.
- Flexións introtonais:
 - o As dominantes secundarias. O seu emprego.
- Notas estrañas ao acorde:
 - o Emprego de notas de paso, floreos, retardos, apoiatura.
- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:
 - o Exercicios: Ó longo do trimestre realizaranse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e tiples ou cantos dados), propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar os realizados na clase.
 - o Práctica auditiva e instrumental: Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
 - o Análise de obras: Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.

8.1.3. Avaliación

Dado que os criterios de avaliación miden o grao de consecución dos obxectivos, estes repítense aquí, engadindo os criterios de avaliación relacionados:

Criterios de avaliación

O inicio das clases realizarase unha proba escrita, como avaliación inicial dos coñecementos musicais adquiridos na súa anterior etapa co linguaxe musical. Criterios de avaliación para o 1º, 2º e 3º Trimestre:

- 1) *Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.* Identificar os elementos

básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

- 2) *Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.* Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado, sen cifrar ou a partir de tipes dados. Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio.
- 3) *Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.* Interiorizar os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal.
- 4) *Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados na harmonía tonal.* Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos da harmonía tonal. Identificar auditivamente estruturas formais concretas.
- 5) *Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.* Identificar mediante a análise de obras sinxelas todos os elementos que forman parte da materia de harmonía relacionados coas obras propostas.
- 6) *Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.* Comparar obras musicais dos períodos Barroco, Clásico e Romántico a partir das súas características harmónicas e formais.
- 7) *Aprender a valorar a calidade da música.* Valorar a calidade dos exercicios propostos. Comentar, a través da análise harmónica de obras ou fragmentos representativos dos diversos períodos estudados, a diferente calidade da música.
- 8) *Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias como alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.*
- 9) *Tocar esquemas básicos ao piano.* Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados, dentro dun carácter homofónico.
- 10) *Ser capaz de tocar os traballos realizados ao piano.* Tocar no piano os traballos

realizados.

Mínimos esixibles

A nota final dependerá de dous factores, da observación sistemática (o seguimento individual), e das probas trimestrais e a final. Para poder aprobar o curso, a nota final debe ser igual ou superior ao 5. Deberá demostrar un mínimo de destrezas que se poden resumir en:

- Escritura musical. Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios harmónicos escritos cun mínimo de erros.
- Audición. Capacidade para recoñecer os distintos acordes, as funcións tonais, as cadencias, as progresións, etc..
- Análise. Ser capaz de recoñecer e comprender os diferentes recursos harmónicos, formais, temáticos, rítmicos, etc..

A cualificación de cada trimestre será a media entre a nota obtida na proba trimestral e a da avaliación continua. O reparto porcentual de cada apartado será establecido polo profesor.

Aqueles alumnos que leven un suspenso nun trimestre non terán que recuperalo, por ser o contido da materia acumulativo, se un alumno leva un suspenso nun trimestre, se aproba o seguinte, xa é suficiente.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Corrección individual semanal ou quincenal (dependendo da dificultade dos contidos que se están a traballar), de exercicios propostos polo profesorado, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 40% da nota final. No caso de exercicio ou exercicios de creatividade, suporán o 10% desta porcentaxe.
- Proba ou probos obxectivos trimestrais que poderán ser un baixo (con ou sen cifrar) e un tiple: a súa valoración na nota do trimestre será dun 60%. Valorarase ademais dunha correcta realización harmónica o coidado das diferentes liñas melódicas.

Ademais dos contidos procedimentais antes mencionados, terase en conta o talante do alumnado na consecución dos valores e actitudes recollidos na programación, así como a análise e audición de obras ou fragmentos e interpretación dos traballos realizados na aula e dos propios do alumnado.

A avaliación non estará centrada exclusivamente nos contidos de tipo conceptual, senón que se valorarán tamén os contidos procedimentais e actitudinais, polo tanto, empregaranse como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Observación sistemática, diaria e individual de cada alumno.
- Caderno de clase do alumno.
- Diario de clase do profesor, onde serán anotadas as actividades realizadas.
- Realización de traballos en grupo, abrindo un debate e con aportación de ideas de cada alumno.
- Probas escritas e orais, que deberán amosar os coñecementos adquiridos.
- Probas de interpretación de cadencias, exercicios e esquemas harmónicos, etc., no piano.

Criterios de cualificación

Cada un dos criterios de avaliación citados anteriormente será puntuado do 1 ó 10 e aplicarase á valoración sistemática das clases e tamén, ás probas específicas trimestrais (e a de fin de curso).

Nas probas trimestrais deberán tratarse todos os apartados descritos con anterioridade, segundo os criterios de cualificación, cada un deles será valorado positiva ou negativamente segundo fora tratado. A suma total de tódalas puntuacións será de 10. As probas trimestrais (e a final) estarán constituídas por:

- Escritura musical. Harmonización dun Baixo-Canto (Canto-Baixo) dado (sen cifrar).
- Análise. Análise dunha obra (ou fragmento) oral ou escrita (esta proba será opcional).

A cualificación desta proba será do 1 ao 10, expresada sen decimais, sendo necesario, para a superación da proba, acadar unha puntuación igual ou superior ao

5. A puntuación dos exercicios de harmonización dun baixo-canto, será da seguinte forma:

- (0-2 puntos): Calidade musical, elección de acordes co respecto ao estilo, movemento de voces
- (0-8 puntos): Os erros técnicos na realización do exercicio descontarán puntos do seguinte xeito:
 - o Oitavas e quintas sucesivas = 1 punto menos.
 - o Oitava ou quinta directa (defectuosa) = 0'5 punto menos.
 - o Disposición incorrecta das voces (cruce de voces, distancia entre voces ou tesitura), = 1 punto menos.
 - o Enlaces ou movementos melódicos/harmónicos defectuosos (preparación e resolución da disonancia, mal uso do acorde de cuarta e sexta, duplicacións pouco axeitadas, etc.) = 1 punto menos.
 - o Harmonización, cifrado ou identificación incorrecta dos procesos cadenciais ou modulatorios = 1 punto menos.
 - o Realización incorrecta da serie de sextas, de sétimas ou de progresións (diatónicas ou modulantes) = 1 punto menos.
 - o Escritura pouco lexible ou incorrecta = 0'5 punto menos.

Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula no 3º curso do grao profesional na materia de Harmonía, será avaliado positivamente se supera coa nota mínima de 5, unha proba obxectiva realizada antes da avaliación do primeiro trimestre. Esta proba consistirá:

- Harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido a todos os contidos da materia expostos na programación.
- A duración do exercicio non excederá de 90 minutos.
- A súa avaliación realizarase do seguinte xeito: cualificación dos contidos da materia en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio (70% da nota final), e unha avaliación da creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e tiples, cunha valoración do 30% na nota

final.

- A puntuación da proba será a reflexada no apartado de mínimos esixibles desta programación.

8.1.4. Medidas de recuperación

A materia de harmonía ten unha avaliación continua, polo que cada trimestre vai recuperando ó anterior (por exemplo se temos suspenso o primeiro trimestre e aprobamos o segundo, temos nese momento a materia aprobada coa nota do segundo trimestre xa que o contido é acumulativo). Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase unha proba final que consistirá nun baixo, un tiple ou un baixo-tiple combinado dos contidos do curso, valorando a súa correcta realización harmónica (60% da nota final), así como o tratamento das distintas liñas melódicas (40% da nota final).

Procedementos de recuperación ordinarios

A proba realizarase no mes de maio ou finais de abril, na aula e no horario correspondente á materia a recuperar. A nota final da materia constará: desta proba obxectiva (60%) así como os exercicios ou traballos do último trimestre (40%).

Probas extraordinarias

A proba extraordinaria consistirá en:

- Harmonización dun tiple e/ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, incluíndo os contidos expostos na programación do 3º de Harmonía.
- Ó alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a realización e posta en limpo do exercicio, a bolígrafo azul ou negro.

Os criterios de avaliación serán:

- Cualificación dos contidos da materia de 3º de Harmonía reflexados na programación, utilizando estes elementos en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.
- Avaliarase a creatividade das distintas liñas melódicas, principalmente baixos

e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.

A puntuación será a especificada no apartado dos mínimos esixibles desta programación.

8.1.5. Recursos didácticos

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema tonal, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos.
- Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas.

Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura.
- Maior musicalidade nas liñas melódicas.
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da tonalidade.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada.
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación.
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Mostra da utilidade do aprendido.
- A orientación educativa.

8.2. Curso: 4º Harmonía

8.2.1. Obxectivos

- a) *Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.* Para acadar este obxectivo hai que ter en conta que o alumnado parte de coñecementos xa desenvolvidos na materia de linguaxe musical. Coa harmonía afondamos nestes contidos e introducimos o seu estudo dende unha perspectiva histórica, empregando a análise de obras.
- b) *Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.*
- c) *Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.* Para acadar este obxectivo o alumnado de harmonía non se pode limitar a realizar só exercicios escritos, senón que debe de ser capaz de saber como soarán para poder elixir entre as opcións das que dispón.
- d) *Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.*
- e) *Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos mais comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.* Neste curso de harmonía levarase a cabo unha primeira aproximación á análise musical de obras, fragmentos de obras ou incluso exercicios. Nesta análise tratarase de identificar os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e así, axudar á súa interiorización.
- f) *Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.* Trátase neste obxectivo de chegar a comprender a evolución e interrelación constante ao longo da historia da música entre a forma musical e a harmonía. O alumnado comprenderá esta relación a través da realización de análises e audicións de obras musicais de diferentes períodos da historia da música.
- g) *Aprender a valorar a calidade da música.* O estudo desta materia, sobre todo a través da análise e audición de obras de distintos estilos, descubrirá ao alumnado a grande riqueza harmónica que encerran, contribuíndo a formar o seu espírito crítico.

- h) *Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.*
- i) *Tocar esquemas básicos no piano.* A execución ao piano dos acordes e os seus enlaces, así como dos procedementos estudados durante o curso, levarán ao alumnado a interiorizar a súa sonoridade e, por tanto, a desenvolver o oído interno.
- j) *Tocar os traballos realizados no piano.* Seguindo a mesma liña que o anterior obxectivo, o alumnado deberá interpretar as harmonizacións realizadas no piano e así ter unha idea real da súa sonoridade con vistas a mellorar a musicalidade dos traballos realizados.

8.2.2. Contidos

Os contidos na materia de harmonía do 4º curso de grao profesional son os seguintes:

1º TRIMESTRE

- Repaso dos contidos adquiridos no 3º curso do grao profesional de Harmonía
- O acorde de sétima de dominante:
 - o Constitución, estados e disposición do acorde. Resolución principal.
 - o Duplicación, supresións e cifrado.
 - o O acorde de sétima de dominante nas harmonizacións.
 - o Estado fundamental e inversións.
- Repaso das cadencias e ampliación das mesmas así como dos procesos cadenciais:
 - o Cadencias nas que interveñen os acordes tríadas e de sétima de dominante: a cadencia auténtica. Cadencias perfectas e imperfectas. A semicadencia. A cadencia plagal. A cadencia rota.
- Repaso e ampliación da tonalidade e as funcións tonais:
 - o O modo maior e menor. Peculiaridades do modo menor. Funcións tonais

de cada grao. A harmonía de tónica, de dominante e de subdominante.
Cambio de modo. A terceira de picardía.

- Notas estrañas ao acorde:
 - o Emprego de notas de paso, floleos, retardos, apoiatura; traballadas de maneira analítica e/ou práctica
- Estado fundamental e inversións dos acordes de novena de dominante
 - o (traballada de maneira analítica):
 - o O acorde de novena maior e menor de dominante: constitución, resolucións e cifrado
 - o O acorde de novena de dominante na escritura a catro ou cinco partes reais. Duplicacións, supresións e preparacións.
 - o Os acordes de 9ª de dominante na utilización dos procesos cadenciais, (d)
- Estado fundamental e inversións dos acordes de sétima de sensible e de sétima diminuída.
 - o Realización da harmonía.
 - o Os acordes de sétima de sensible e diminuída: a súa mecánica e expresividade.
 - o Resolucións, inversións, cifrados e utilización nos procesos cadenciais
- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:
 - o Exercicios: Ó longo do trimestre realizaranse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase). Exercicios de creatividade en base a unha secuencia harmónica dada, realización de melodía acompañada (melodía propia ou allea).
 - o Práctica auditiva e instrumental: Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
 - o Análise de obras: Análise de obras para relacionar os devanditos

elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.

2º TRIMESTRE

- Modulación: diatónica e cromática:
 - o Definición de Modulación. Clasificación das modulacións. Proceso cadencial posterior ao cambio de función tonal.
 - o Modulación diatónica e cromática a tonalidades veciñas.
- Flexións introtonais:
 - o As dominantes secundarias e o seu emprego.
- Cadencias e procesos cadenciais:
 - o Cadencia frixia e dórica
 - o Cadencias nas que interveñen os acordes tríada e de sétima de dominante.
 - o Procesos cadenciais nos que interveñen os acordes tríadas, de sétima e de novena de dominante maior e menor. Sucesións cadenciais principais.
- A tonalidade e as funcións tonais:
 - o A ampliación da tonalidade. O modo maior mixto. A tonalidade cromática.
- O ritmo harmónico:
 - o Textura rítmica. Ritmo harmónico e melódico. Indicacións dinámicas.
- Notas estrañas ao acorde:
 - o Emprego de notas de paso, floreos, retardos e escapadas; traballadas de maneira analítica e/ou práctica
- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:
 - o Exercicios: Ó longo do trimestre realizaranse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula e para casa como traballo

individual e de dificultade similar ós realizados na clase). Exercicios de creatividade en base a unha secuencia harmónica dada, realización de melodía acompañada (melodía propia ou allea).

- Práctica auditiva e instrumental: Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
- Análise de obras: Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical:
 - Elementos sintácticos da harmonía tonal Frases musicais
 - Ritmo harmónico Procesos cadenciais Modulacións
 - Progresións unitónicas e modulantes
 - A dinámica, o timbre e as súas relacións coa harmonía Ornamentación melódica

3º TRIMESTRE

- Modulación: diatónica e cromática:
 - Proceso cadencial posterior ao cambio de función tonal.
 - Modulación diatónica e cromática a tonalidades veciñas.
 - Modulación por cambio de modo.
 - A modulación a través do acorde de sexta napolitana.
 - A modulación a través da sexta aumentada.
- Flexións introtonais:
 - As dominantes secundarias e os acordes de sétima e de novena. O seu emprego.
- Progresións unitónicas e modulantes
 - Progresións unitónicas e modulantes de acordes de sétima
 - Progresións unitónicas e modulantes de acordes de novena
 - Progresións empregando dominantes secundarias.
- Notas estrañas ao acorde:

- Emprego de nota de paso, floreo, apoiatura, retardo, escapada e nota próxima, anticipación e nota pedal; traballadas de maneira analítica e/ou práctica
- O acorde de sétima sobre todos os graos da escala
 - A súa constitución. Estados do acorde
 - Resolucións da disonancia: natural e excepcional
 - Duplicacións, supresións e cifrado.
 - Función tonal dos distintos acordes de sétima
 - Intervalos harmónicos consoantes e disonantes
- Series de sétimas
 - Series de sétimas diatónicas e modulantes.
 - Serie de sétimas alternadas con tríadas.
 - Marcha clásica de sétimas.
 - Harmonización de series de sétimas no baixo dado ou no canto dado.
- Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente.
 - Exercicios: Ó longo do trimestre realizaranse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase). Exercicio de creatividade tanto modal como en base a unha secuencia harmónica dada
 - Práctica auditiva e instrumental: Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
 - Análise de obras: Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical:
 - Elementos sintácticos da harmonía tonal Frases musicais
 - Ritmo harmónico Procesos cadenciais Modulacións

- Progresións unitónicas e modulantes
- A dinámica, o timbre e as súas relacións coa harmonía Ornamentación melódica.

8.2.3. Avaliación

Dado que os criterios de avaliación miden o grao de consecución dos obxectivos, estes repítense aquí, engadindo os criterios de avaliación relacionados:

Criterios de avaliación

O inicio das clases realizarase unha proba escrita, como avaliación inicial dos coñecementos harmónicos adquiridos con anterioridade. Criterios de avaliación para o 1º, 2º e 3º Trimestre:

- 1) *Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.* Identificar os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
- 2) *Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.* Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado, sen cifrar ou a partir de triples dados. Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio.
- 3) *Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.* Interiorizar os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal.
- 4) *Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados na harmonía tonal.* Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos da harmonía tonal. Identificar auditivamente estruturas formais concretas.
- 5) *Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformación temáticas.* Identificar mediante a análise de obras sinxelas todos os elementos que forman parte da materia de harmonía relacionados coas obras propostas.

- 6) *Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.*
Comparar obras musicais dos períodos Barroco, Clásico e Romántico a partir das súas características harmónicas e formais.
- 7) *Aprender a valorar a calidade da música. Valorar a calidade dos exercicios propostos.* Comentar, a través da análise harmónica de obras ou fragmentos representativos dos diversos períodos estudados, a diferente calidade da música.
- 8) *Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias como alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.*

Mínimos esixibles

A nota final dependerá de dous factores, da observación sistemática (o seguimento individual), e das probas trimestrais e a final. Para poder aprobar o curso, a nota final debe ser igual ou superior ao 5. Deberá demostrar un mínimo de destrezas que se poden resumir en:

- Escritura musical. Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios harmónicos escritos cun mínimo de erros.
- Audición. Capacidade para recoñecer os distintos acordes, as funcións tonais, as cadencias, as progresións, etc..
- Análise. Ser capaz de recoñecer e comprender os diferentes recursos harmónicos, formais, temáticos, rítmicos, etc..

A cualificación de cada trimestre será a media entre a nota obtida na proba trimestral e a da avaliación continua. O reparto porcentual de cada apartado será establecido polo profesor.

Aqueles alumnos que leven un suspenso nun trimestre non terán que recuperalo, por ser o contido da materia acumulativo, se un alumno leva un suspenso nun trimestre, se aproba o seguinte, xa é suficiente.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Corrección individual semanal ou quincenal (dependendo da dificultade dos contidos que se están a traballar), de exercicios propostos polo profesorado, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 40% da nota final. No caso de exercicio ou exercicios de creatividade, suporán o 10% desta porcentaxe.
- Proba ou probax obxectivas trimestrais que poderán ser un baixo (con ou sen cifrar) e un tiple: a súa valoración na nota do trimestre será dun 60%. Valorarase ademais dunha correcta realización harmónica o coidado das diferentes liñas melódicas.

Ademais dos contidos procedimentais antes mencionados, terase en conta o talento do alumnado na consecución dos valores e actitudes recollidos na programación, así como a análise e audición de obras ou fragmentos e interpretación dos traballos realizados na aula e dos propios do alumnado.

A avaliación non estará centrada exclusivamente nos contidos de tipo conceptual, senón que se valorarán tamén os contidos procedimentais e actitudinais, polo tanto, empregaranse como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Observación sistemática, diaria e individual de cada alumno.
- Caderno de clase do alumno.
- Diario de clase do profesor, onde serán anotadas as actividades realizadas.
- Realización de traballos en grupo, abrindo un debate e con aportación de ideas de cada alumno.
- Probax escritas e orais, que deberán amosar os coñecementos adquiridos.
- Probax de interpretación de cadencias, exercicios e esquemas harmónicos, etc., no piano.

Criterios de cualificación

Cada un dos criterios de avaliación citados anteriormente será puntuado do 1 ó 10 e aplicarase á valoración sistemática das clases e tamén, ás probax específicas trimestrais (e a de fin de curso).

Nas probax trimestrais deberán tratarse todos os apartados descritos con anterioridade, segundo os criterios de cualificación, cada un deles será valorado

positiva ou negativamente segundo fora tratado. A suma total de tódalas puntuacións será de 10. As probas trimestrais (e a final) estarán constituídas por:

- Escritura musical. Harmonización dun Baixo-Canto (Canto-Baixo) dado (sen cifrar).
- Análise. Análise dunha obra (ou fragmento) oral ou escrita (esta proba será opcional).

A cualificación desta proba será do 1 ao 10, expresada sen decimais, sendo necesario, para a superación da proba, acadar unha puntuación igual ou superior ao 5. A puntuación dos exercicios de harmonización dun baixo-canto, será da seguinte forma:

- (0-2 puntos): Calidade musical, elección de acordes co respecto ao estilo, movemento de voces
- (0-8 puntos): Os erros técnicos na realización do exercicio descontarán puntos do seguinte xeito:
 - o Oitavas e quintas sucesivas = 1 punto menos.
 - o Oitava ou quinta directa (defectuosa) = 0´5 punto menos.
 - o Disposición incorrecta das voces (cruce de voces, distancia entre voces ou tesitura), = 1 punto menos.
 - o Enlaces ou movementos melódicos/harmónicos defectuosos (preparación e resolución da disonancia, mal uso do acorde de cuarta e sexta, duplicacións pouco axeitadas, etc.) = 1 punto menos.
 - o Harmonización, cifrado ou identificación incorrecta dos procesos cadenciais ou modulatorios = 1 punto menos.
 - o Realización incorrecta da serie de sextas, de sétimas ou de progresións (diatónicas ou modulantes) = 1 punto menos.
 - o Escritura pouco lexible ou incorrecta = 0´5 punto menos.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula no 4º curso do grao profesional na materia de Harmonía, será avaliado positivamente se supera coa nota mínima de 5, unha proba

obxectiva realizada antes da avaliación do primeiro trimestre. Esta proba consistirá:

- Harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido a todos os contidos da materia expostos na programación.
- A duración do exercicio non excederá de 90 minutos.
- A súa avaliación realizarase do seguinte xeito: cualificación dos contidos da materia en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio (70% da nota final), e unha avaliación da creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e tiples, cunha valoración do 30% na nota final.
- A puntuación da proba será a reflexada no apartado de mínimos esixibles desta programación.

8.2.4. Medidas de recuperación

A materia de harmonía ten unha avaliación continua, polo que cada trimestre vai recuperando ó anterior (por exemplo se temos suspenso o primeiro trimestre e aprobamos o segundo, temos nese momento a materia aprobada coa nota do segundo trimestre xa que o contido é acumulativo). Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase unha proba final que consistirá nun baixo, un tiple ou un baixo-tiple combinado dos contidos do curso, valorando a súa correcta realización harmónica (60% da nota final), así como o tratamento das distintas liñas melódicas (40% da nota final).

Procedementos de recuperación ordinarios

A proba realizarase a finais do mes de abril ou primeira quincena de maio na aula e no horario correspondente á materia a recuperar. Para aprobar a materia de 4º de harmonía terá na nota final un 5 como mínimo, que se ponderará así: os exercicios un 40% da nota final e a proba obxectiva na aula un 60% da nota final (mesma porcentaxe mantida ó longo de todos os trimestres).

Probas extraordinarias

A proba extraordinaria consistirá en:

- Harmonización dun tiple e/ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos,

incluíndo os contidos expostos na programación do 3º de Harmonía.

- Ó alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a realización e posta en limpo do exercicio, a bolígrafo azul ou negro.

Os criterios de avaliación serán:

- Cualificación dos contidos da materia de 3º de Harmonía reflexados no programación, utilizando estes elementos en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.
- Avaliarase a creatividade das distintas liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.

A puntuación será a especificada no apartado dos mínimos esixibles desta programación.

8.2.5. Recursos didácticos

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema tonal, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos.
- Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas.

Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura.
- Maior musicalidade nas liñas melódicas.
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da tonalidade.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada.
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación.
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Mostra da utilidade do aprendido.
- A orientación educativa.

9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento da programación revisase continuamente por parte dos profesores, e das reunións de departamento.

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de harmonía, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo, etc. Comentásense regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc. En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

11. Anexos

11.1. Proba de acceso 4º de grao profesional

A proba de acceso consistirá en:

- A harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido aos contidos expostos na programación do 3º curso da materia de Harmonía.
- Ao alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a súa realización e posta en limpo a bolígrafo azul ou negro

Contidos

Os referidos na programación do 3º curso da materia de harmonía.

Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación serán:

Cualificación dos contidos de 3º reflexados na programación, cun imprescindible dominio deles, en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.

Avaliarase a creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.

A cualificación da proba será a reflexada no punto referente a mínimos esixibles da programación

11.2. Proba de acceso a 5º de grao profesional

A proba de acceso consistirá en:

A harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido aos contidos expostos na programación do 4º curso da materia de Harmonía.

Ao alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a súa realización e posta en limpo a bolígrafo azul ou negro

Contidos

Os referidos á materia de 4º de harmonía desta programación.

Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación serán:

Cualificación dos contidos de 4º reflexados na programación, cun imprescindible dominio deles, en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.

Avaliarase a creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.

A cualificación da proba será a reflexada no apartado de mínimos esixibles da programación de harmonía.

11.3. Criterios para a obtención de matrícula de honra

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra concederase ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a cualificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.

As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Fundamentos de Composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de harmonía.

As propostas do departamento elevaranse á Comisión de Coordinación

Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

11.4. Bibliografía da materia

No referente á bibliografía básica, cabe salienta un pequeno listado de obras (entre outras) que servirán de apoio para o desenvolvemento das unidades didácticas:

- Tratado de Armonía (I-II-III), Joaquín Zamacois - Idea Books.
- Armonía, Walter Piston - Idea Books.
- Tratado práctico de Armonía, Rimsky Korsakov - Ricordi.

A continuación preséntase un listado de obras máis amplo para a materia que nos ocupa, que deben servir de referencia, tanto para os alumnos, como para o profesor:

- Traité de l'harmonie, Jean Phillippe Rameau - Arte Tripharia.
- Traité de l'harmonie (I-II-III), Charles Koechlin.

- Armonía tonal (I-II-III-IV), Luis Blanes - Real Musical.
- Armonía, Heinrich Schenker - Real Musical.
- Armonía, Diether de la Motte - Labor.
- Armonía y modulación, Hugo Riemann - Labor.
- Armonía tradicional (I-II), Paul Hindemith - Ricordi.
- Armonía (I-II), Emilio Molina - Real Musical.
- Curso de armonía analítica, Marcel Dupré - Alphonse Leduc.
- Funciones estructurales de la armonía, Arnold Schönberg - Real Musical.
- Tratado completo de armonía (I-II-III), Athos Palma - Ricordi.
- Nuevo tratado de armonía, Alois Haba - Real Musical.
- Tratado de armonía, Sociedad Didáctico Musical - S.D.M.
- Armonía del siglo XX, Vicent Persichetti - Real Musical.
- Tratado práctico de armonía, Beltrán Pagola - Erviti
- Armonía, Arnold Schönberg - Real Musical.
- Manual de armonía, A. Jurafsky - Ricordi
- Teoría musical y armonía moderna (I-II), Enric Herrera - Antoni Bosch.
- Tratado de Armonía (I-II-III), A. Barrio - Real Musical
- Contribuciones al estudio de la modulación, M. Reger - Real Musical
- La coherencia tonal en Música, F. Salzer - Labor
- Structural functions in Music, W. Berry - Dover Publications
- Traité historique d'Analyse harmonique, J. Chailley - Alphonse Leduc Editions
Musicales
- Armonía del siglo XX, V. Persichetti - Real Musical